

RefWorks Citation Manager (RCM) para Google Docs



RefWorks Citation Manager (RCM) para Google Docs é un complemento ou extensión que permite acceder as referencias que ten gardadas na súa conta de RefWorks e citas mentres traballa con documentos en Google Docs.

Este complemento permite:



- O acceso de só lectura á conta de RefWorks, onde localizará as referencias que poderá citar no documento que está a redactar en Google Docs.
- Inserir citas no texto e notas ao pé. Ao agregar as citas vaise xerando unha bibliografía ao final do documento que se actualiza automaticamente ao engadir ou eliminar máis citas.
- Traballo colaborativo. Cando comparta un documento con outro usuario que use RCM para Google Docs, este poderá editar e eliminar calquera referencia de RefWorks no documento e pode inserir as súas propias referencias.
- Cada vez que inicie sesión en RCM para Google Docs, reflectirase automaticamente as referencias e estilos de citas da súa conta en RefWorks máis actualizados.

Instalar RCM en Google Docs


1. Abra un documento de Google Docs e seleccione **Extensiones > Complementos > Descargar complementos** e busque RefWorks.




2. Seleccione **RefWorks Citation Manager** e prema en Instalar.



3. Inicie sesión en Google e seleccione a conta de Google onde desexa agregar o complemento RCM.




4. Revise e permita os termos de acceso á conta.
5. Na pantalla seguinte prema en “Hecho”




6. Para abrir o RCM seleccione **Extensiones > RefWorks Citation Manager e prema en Manage citations.**

Nota: Se non aparece a opción “Manage citations” actualice a páxina.



7. O RCM abrírase nunha barra lateral á dereita onde deberemos **iniciar sesión** na nosa conta de RefWorks, identificándonos co correo electrónico e contrasinal cos que creamos a conta.

Nota: Non permite iniciar sesión coas credencias de autenticación centralizada.



Agora xa temos acceso á nosa conta RefWorks desde Google Docs e poderemos comezar a inserir citas e xerar a bibliografía. Para saber como citar en google docs consulte o documento “Traballando con RCM en Google Docs”.

Este documento está baseado na guía [“RefWorks Citation Manager \(RCM\) for Google Docs”](#) elaborada por ExLibris Knowledge Center.